

## MONUMENTO ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO EN RIBEIRA

O 10 de novembro de 2023, coincidindo co 87 aniversario do fusilamento do periodista **Manuel Lustres Rivas**, inaugurouse no paseo do *Malecón* de Ribeira a escultura memorial na honra das vítimas represaliadas durante a Guerra Civil e a etapa franquista no concello de Ribeira, obra de **Soledad Penalta**, escultura aceiro corten, de aspecto oxidado.

Unha escultura destinada a recuperar e revalorizar a dignidade das vítimas esquecidas, das súas familias, e lembrar a todas aquelas persoas que se negaron a ser silenciadas, que sufriron persecución, exilio, encarceramento, ou perderon a súa vida polos seus ideais de progreso, liberdade, benestar e valores democráticos.



A memoria histórica é un dereito de toda sociedade democrática para construír un futuro máis xusto e solidario e que as xeracións futuras aprendan das leccións do pasado e fortalezan a democracia.

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza espera que este Memorial sirva como recordatorio permanente da loita pola VERDADE, A XUSTIZA E A REPARACIÓN.

A continuación recollemos a lista das 4 veciñas e 118 veciños de Ribeira vítimas do franquismo.

### Ribeira

[Ageitos Rodríguez, José](#)

[Procesado](#) por deserción. Campo de concentración de Rota.

[Arias Lois, Manuel](#)

[Procesado](#) por deserción.

21 anos, [fogoneiro](#)

[Armental Pérez, Rafael](#)

[Prisión](#) por 1 ano. Campo de concentración en África.

27 anos, [mariñeiro](#) de Corrubedo

[Arnos Hermo, Andrés](#)

[Procesado](#) por rebelión. Campo de concentración ata 1941.

31 anos, [mariñeiro](#) de Aguiño

Baña Ageitos, Peregrina  
Rapada.  
22 anos.

[Barreiro González, Manuel A. J.](#)  
[Procesado](#) por deserción. Batallón de traballadores.  
25 anos.

[Barros Vidal, Manuel](#)  
Procesado por deserción. Campo de concentración de San Marcos en León. Batallón de traballadores.  
29 anos, [mariñeiro](#)

[Betanzos Dios, Manuel](#)  
[Detención](#). Inculpado en causa militar por auxilio á rebelión, e posto en liberdade.  
[Home](#) de 24 anos, [mariñeiro](#).

[Betanzos Pérez, Valentín](#)  
[Execución](#) en Ferrol o 27 de setembro de 1936.  
27 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Blanco García, Enrique "Enterrador"](#)  
[Detención](#). Inculpado en causa militar mentres traballaba na sega en Ponte Xenil (Córdoba) e exculpado.  
De Frións.

[Blanco Santos, Delfina](#)  
[Prisión](#). Prisión de 6 anos por rebelión, conmutada por 6 meses.  
34 anos, [costureira](#) de Deán Pequeno.

[Brión Romero, Rogelio](#)  
[Proceso](#) por sedición.  
25 anos, [mariñeiro](#) de Corrubedo.

[Callón Patiño, Antonio](#)  
[Proceso](#) por deserción. Campo de concentración.  
22 anos, [carpinteiro](#).

[Callón Peón, José](#)  
[Campo de Exterminio](#) de Mauthausen, morto o 19/02/1943.  
30 anos, mariñeiro.

[Cañestro Rojas, Agustín](#)  
[Prisión](#) de 12 anos por auxilio á rebelión.  
47 anos, [carabineiro](#), natural de Málaga.

[Cascallar Parada, Cipriano Antonio](#)  
[Procesado](#) por deserción e absolto.  
29 anos, [fogoneiro](#).

Castro Santos, Amalia  
Rapada.  
20 anos.

[Cores Fernández, Andrés](#)  
[Execución](#) o 12/12/1936, por facer manifestacións contrarias ao Movemento na cuberta do barco no que servía.  
22 anos, [militar](#), cabo da Mariña.

[Cores Lemus, Manuel "Carrupeiro"](#)

[Procesado](#) por rebelión, fuxido.

39 anos, [mariñeiro](#).

[Crugeiras Dios, José](#)

[Procesado](#) por deserción. Campo de concentración de Rota.

21 anos, [mariñeiro](#) da Graña.

[Dios Vilar, José](#)

[Procesado](#) por rebelión, fuxido, absolto tras presentarse en 1941.

29 anos, [mariñeiro](#) de Aguiño.

[Dios Vilar, Manuel](#)

[Procesado por rebelión, fuxido, prisión](#) perpetua ao presentarse en 1945.

34 anos, [patrón de pesca](#) de Carreira.

[Domínguez Fernández, Manuel "Gatuco"](#)

[Prisión](#) de 15 anos por auxilio á rebelión.

35 anos, [fogoneiro](#) de Corrubedo.

[Domínguez Franco, José Rosario](#)

[Prisión](#) por 20 anos acusado de rebelión.

24 anos, [barbeiro](#).

[Fernández Bermúdez, José](#)

[Detención](#), inculpado por rebelión, liberado.

48 anos, [industrial](#) e alcalde, natural de Rois.

[Fernández Betanzos, José](#)

[Prisión](#) de 15 anos, procesado por rebelión.

34 anos, [mariñeiro](#) mercante. Militante da UGT.

[Fernández Martínez, Manuel](#)

[Procesado](#) por deserción. Batallón de traballadores.

31 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Fernández Parada, Manuel](#)

[Campo de exterminio](#) de Mauthausen. Falecido o 13/05/1942.

27 anos, mariñeiro.

[Fernández Pérez, Juan](#)

[Proceso](#) por deserción. Campo de concentración de Rota.

25 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Fernández Prego, Francisco](#)

procesado por deserción, fuxido, [prisión](#) de 1 ano tras entregarse en 1941.

22 anos, [mariñeiro](#) de Corrubedo.

[Fernández Ramos, José](#)

[Prisión](#) de 12 anos por auxilio á rebelión.

26 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Fernández Santiago, Antonio](#)

[Prisión](#) de 1 ano por deserción.

25 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Fernández Sendón, Manuel](#)

[Execución](#) en Santiago o 29 de xaneiro de 1937, por rebelión.

30 anos, [piloto](#) da Mariña Mercante, militante da UGT e do POUM.

[Fontela N., Camilo](#)

[Detención](#) por inculpación en causa militar e posta en liberdade sen cargos.

33 anos, [canteiro](#), de Frións. Natural de Vilagarcía de Arousa.

[Franco Romay, Manuel](#)

[Proceso](#) por deserción. Condenado a traballos forzados.

31 anos, [fogoneiro](#) de Corrubedo.

[Gago Pérez, Joaquín](#)

[Prisión](#) de 6 anos por deserción.

29 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Gago Rial, Enrique Antonio](#)

[Proceso](#) por deserción.

26 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Gago Rial, Vicente](#)

[Prisión](#) de 12 anos por rebelión.

29 anos, [mariñeiro](#) da Lomba.

[García, Manuel "El Asturiano"](#)

[Proceso](#) por rebelión militar.

[García, Antonio "Laverco"](#)

[Proceso](#) por rebelión.

[García Cambeiro, José](#)

[Proceso](#) por deserción.

25 anos, [mariñeiro](#).

[García Gómez, José](#)

[Proceso](#) por deserción. Indultado. Combate no exército republicano e foxe á URSS, prisioneiro no Gulag.

25 anos, [militar](#) de Palmeira, mariño do Juan Sebastián Elcano.

[García Hermo, Manuel](#)

[Paseado](#) en Lousame o 30 de agosto de 1936.

37 anos, [xastre](#) da rúa Venecia. Natural da Pobra.

[García Mariño, Juan](#)

[Procesado](#) por deserción.

29 anos, [mariñeiro](#) de Corrubedo.

[García Santamaría, José](#)

Navegaba nun barco ao servizo da República que recalou na URSS, prisioneiro no Gulag.

26 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[García Sobrido, José](#)

Xulgado por rebelión e multado con 30.000 pesetas, fuxido, sobrevivente de Mauthausen. .

22 anos. mariñeiro de Corrubedo.

[Gómez Acedo, Florentino](#)

[Prisión](#) de 12 anos por auxilio á rebelión.  
47 anos, [carabineiro](#), natural de Badaxoz.

[Gómez Crugeiras, José Manuel](#)

[Prisión](#) de 12 anos por rebelión militar, conmutada por 6 anos en liberdade condicional.  
29 anos, [mariñeiro](#) de Deán.

[Gómez Fernández, Manuel](#)

[Proceso](#) por deserción, batallón de traballadores.  
25 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Gómez Mariño, Andrés](#)

[Proceso](#) por deserción.  
25 anos, [fogoneiro](#).

[Gómez Mariño, Juan Manuel](#)

[Proceso](#) por deserción. O seu barco recala na URSS e acaba preso no Gulag.  
25 anos, [militar](#), mariño.

[González Elezpe, José](#)

[Detención](#). Inculpado en causa militar e posto en liberdade.  
25 anos, [chofer](#).

[González Fernández, José](#)

[Proceso](#) por deserción, fuxido.  
31 anos, [mariñeiro](#) de Fondevila.

González Pérez, Antonio

Executado en Ferrol o 17/09/1936.  
25 anos, mariñeiro de Palmeira, do vapor Alfonso Senra.

[González Pillado, Juan](#)

[Campo de exterminio](#) de Mauthausen, supervivente.  
35 anos, mariñeiro de Palmeira.

[Gude Lojo, Eduardo](#)

[Prisión](#) de 7 anos e 6 meses. Dous campos de concentración.

[Lijó Louro, José](#)

Fusilado en Santiago o 29/01/1937.  
Militante da UGT e membro do Comité pola Defensa da República

[Lijó Pérez, Juan](#)

Executado en Ferrol o 17/09/1936.  
26 anos, mariñeiro, do vapor Alfonso Senra.

[Lustres Rivas, Manuel](#)

Paseado en Redondela o 10/11/1936.  
48 anos, xornalista, militante do PG.

[Martínez Domínguez, Agustín](#)

[Proceso](#) por deserción, campo de concentración de Rota.  
25 anos.

[Martínez González, Juan](#)

[Procesado](#) en San Sebastián por adhesión á rebelión. Absolto.  
42 anos, [caldeireiro](#) de Bretal.

[Martínez Martínez, Antonio](#)

[Proceso](#) por deserción. Incorporado a filas.  
22 anos, [chofer](#).

[Millán Pillado, Manuel](#)

[Proceso](#) por auxilio á rebelión.

[Mojón Lampón, Roque](#)

[Prisión](#) de 10 anos por rebelión militar.  
23 anos, [albanel](#).

[Morales Ropero, Severiano](#)

[Prisión](#) de 15 anos por auxilio á rebelión.  
33 anos, [carabineiro](#) natural de Cáceres.

[Núñez Pérez, María "María Moreu"](#)

[Detención](#) por auxilio á rebelión por requisa de armas e ameazas.

[Olveira García, Eduardo](#)

[Prisión](#) perpetua por rebelión.  
30 anos, de Palmeira.

[Oujo Fernández, Ramón](#)

[Detención](#), inculpado por causa militar, posto en liberdade sen cargos.  
18 anos, [zapateiro](#) de Carreira.

[Paradavila Santiago, Arturo](#)

[Proceso](#) por deserción, campo de concentración de Reus e batallón de traballadores.  
25 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira, Militante da UGT.

[Paz Franco, Manuel](#)

[Procesado](#) por deserción, batallón de traballadores de 1937 a 1939.  
25 anos, [mecánico naval](#).

[Paz Millán, Vicente](#)

[Prisión](#) de 6 anos por deserción, indultado en 1939.  
31 anos, [carpinteiro](#) de Palmeira.

[Paz Vizcaya, Manuel](#)

[Prisión](#) de 12 anos por rebelión militar.  
21 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Pego Casais, Francisco](#)

[Prisión](#) de 12 anos por rebelión.  
30 anos, [canteiro](#) de Frións.

[Pego Casais, José](#)

[Detención](#), inculpado en causa militar, exculpado.  
[Labrego](#).

[Pérez Calviño, Bernardino](#)

[Proceso](#) por deserción. Campos de concentración e de traballadores.  
24 anos, [carpinteiro](#).

[Pérez González, Andrés](#)

[Proceso](#) por rebelión militar, absolto.  
62 anos, [patrón de cabotaxe](#).

[Pérez González, David](#)

[Prisión](#) perpetua por adhesión á rebelión.  
48 anos, [carabineiro](#), natural de Ávila.

[Pérez Lijó, Eduardo "Peseta"](#)

[Proceso](#) por rebelión militar.  
28 anos, [mariñeiro](#).

[Pérez Martínez, José](#)

[Prisión](#) perpetua por conspiración para a rebelión, conmutada por 20 anos.  
[Militar](#), mariño auxiliar de artillaría de Palmeira.

[Pérez Vidal, José](#)

[Proceso](#) por deserción, campo de concentración de Rota.  
26 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira, natural da Pobra.

[Pillado Rivas, Concha](#)

Rapada  
25 anos

[Piñeiro González, Manuel](#)

[Prisión](#) de 12 anos por rebelión, fuxido a Francia, pasa a Barcelona.  
36 anos, [fogoneiro](#) de Carreira.

[Pozas Costa, Cipriano "Cabo Pozas"](#)

[Prisión](#) de 10 anos, conmutada por 6 anos, por rebelión militar.  
40 anos, [mariñeiro](#) de Castiñeiras.

[Prego Ageitos, Agustín](#)

[Proceso](#) por deserción, batallón disciplinario.

[Prego Enríquez, Miguel](#)

[Prisión](#) de 15 anos por auxilio á rebelión.  
35 anos, [mariñeiro](#) de Corrubedo.

[Rego Martínez, Joaquín](#)

[Prisión](#) militar dun ano por deserción, acusado de traballar en barcos que recalaban en portos republicanos.  
Indultado en 1940.  
31 anos, [mariñeiro](#).

[Requeiro González, Valentín](#)

[Prisión](#) de 12 anos por rebelión.  
25 anos, [mariñeiro](#).

[Reiriz Ageitos, Manuel](#)

[Proceso](#) por deserción, campo de concentración e batallón de traballadores.  
31 anos, [fogoneiro](#) de Carreira.

[Reiriz Villar, Francisco](#)

[Proceso](#) por rebelión, fuxido.  
28 anos, [mariñeiro](#) de Corrubedo.

[Rivas Pérez, José](#)

[Proceso](#) por rebelión militar.  
36 anos, [mariñeiro](#) de Deán.

[Rodríguez Bilbao, Eugenio](#)

[Execución](#) en Santiago por rebelión militar.  
32 anos, [médico](#) natural da Coruña, militante do PSOE.

[Rodríguez Domínguez, Maximino](#)

[Proceso](#) por deserción.  
24 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Romay Betanzos, José](#)

[Execución](#) en Ferrol o 25/09/1936.  
26 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Sampedro Suárez, Serafín](#)

[Proceso](#) por deserción, preso en Asturias, campos de concentración e batallón de traballadores.  
31 anos, [mariñeiro](#) de Corrubedo.

[Sampedro Vidal, Francisco "Belecho"](#)

[Detención](#), inculpado en causa militar, exculpado.  
de Frións.

[Sánchez Pérez, José](#)

[Proceso](#) por adhesión á rebelión, absolto.  
32 anos, [mariñeiro](#) de San Martiño de Oleiros, natural de Boiro.

Sieira González, José

Fusilado en Santiago o 29/01/1937.  
militante da UGT e membro do Comité pola Defensa da República.

Silva Vilas, Julio

Fusilado en Santiago o 29/01/1937.  
26 anos, militante da UGT e membro do Comité pola Defensa da República.

[Suárez Vidal, Marcelino](#)

[Prisión](#) de 10 anos e multa de 30.000 pts por adhesión á rebelión, fuxido, conmutada por 4 anos en 1940.  
30 anos, [mariñeiro](#) de Corrubedo.

[Teida Becerra, Isidoro Pedro](#)

[Proceso](#) por rebelión, fuxido.  
27 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira, natural da Pobra.

[Varela Bouza, José](#)

Prisión no campo de concentración da illa de San Simón.  
26 anos, [mariñeiro](#).

[Vázquez Gómez, Juan](#)

[Prisión](#) por 15 anos por rebelión.  
30 anos, [telleiro](#) natural de Santiago.



[Vázquez Rey, Ramón "Regueira"](#)

[Proceso](#) por rebelión militar, fuxido.  
32 anos, [mariñeiro](#).

[Vázquez Rial, Vicente](#)

[Proceso](#) por deserción.  
24 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Vázquez Rial, Francisco](#)

[Prisión](#) de 2 anos por deserción.  
31 anos, [mariñeiro](#) de Palmeira.

[Vidal Bouzas, Ventura "Cagarria"](#)

[Prisión](#) de 12 anos por auxilio á rebelión.  
28 anos, [mariñeiro](#).

[Vidal Núñez, Manuel "Marujillo"](#)

[Prisión](#) de 12 anos por rebelión.  
51 anos, [mariñeiro](#).

[Vilar, Albino](#)

Campo de concentración da illa de San Simón.  
[Taxista](#) das Carolinas.

[Vilas Martínez, Francisco](#)

[Proceso](#) por rebelión, fuxido.  
36 anos, [mariñeiro](#) de Carreira.



**Luís Pérez Barral**, alcalde de Ribeira, **Celia García** e **Dolores Sanlés** membros de Memoria Histórica do Barbanza e **Soledad Penalta** autora da escultura.